

**O CHAPAPOTE SECRETO**

Aí atrás, falouse das probas de REPSOL para retirar o fuel do *Prestige*. De vez en cando, tal declaración oficial aquí, tal orzamento aló indícanos que aos que mandan non lles esquece o noso, que han pagar, que han investir, que isto e que o outro. Unha pregunta parlamentaria, unha autolouvanza governamental... Iso é todo.

Pero... ¿e o chapapote? ¿É que xa non queda, foise conxelando ou evaporando, facéndolles caso aos pre-saxios gubernativos en calquera das súas sucesivas versións? ¿Estaremos os de *Nunca Máis*, dándolle outra vez a razón á Xunta, empeñándonos en manter unha causa inxustificada, só con obxectivos políticos, servindo intereses inconfesables?

Pois non, meus señores, o chapapote segue aí, ben á vista de quen teña ollos e queira ver. Nós temos noticias directas de Ferrol. Na praia de Pantín, perto de Valdoviño, ultimamente chegaron galletas de tamaño considerable; chegan canda elas os cadáveres de peixes, pateixos e medusas, estas con forte cheiro. Dentro da propia ría ferrolá, apareceu unha mancha grande; hai quen pensa que se virá da bolsa rota cando as probas de REPSOL.

Segue habendo piche, no propio mar está a proba de que é ben necesario manter o *Nunca Máis*. Sábeo Fraga, e demostra cos seus ditos o consciente que é da nosa presenza. Vai haber un ano dixeron que outro pesadelo negro chegaba a Galicia, outro coma os anteriores. Enganábanse. Xa nada foi igual, xa nada será igual. O noso país non atura pesadelos. E agora, cando faga un ano do comezo da catástrofe, as rúas galegas terán que o constatar.

**EN MADRID  
NON DEIXAN VOTAR  
COA BANDEIRA**

Somos moitos os preocupados cos intentos de recurtar algunha das liberdades públicas que realizan ultimamente responsables políticos e de goberno. Algúns tocaron de cerca a *Nunca Máis*; e por iso, algo que xa era para nós tema de interese pasa a constituír agora obxecto de comentario.

Nas votacións de Madrid, o día 26 de outubro, varias persoas denunciaron que se lles impediu achegarse ao colexio cos símbolos de NM e contra a guerra de Irak. Foron mesmo levados ao furgón policial e advertidos. O Delegado Ansuátegi é coñecido pola súa concepción particular sobre o exercicio dos dereitos de expresión e manifestación. Pero non hai que se enganar: isto supera a iniciativa do Delegado e apunta, como mínimo, ao estilo do Goberno que representa.

**EN NOVEMBRO,  
ANIVERSARIO**

XOVES, DÍA 6, ás 20:00, táboa redonda con Camilo Nogueira e Xosé Luís Rodríguez Pardo.

XOVES, DÍA 13, concentración en Lugo.

DOMINGO, DÍA 16, manifestación en Compostela.

SEGUIREMOS INFORMANDO

